

Martes, 19 de maio de 2026
Núm. 93

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
PORRIÑO, O

Subvencións e axudas

*CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS A
DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DO PORRIÑO, ANO 2026*

Expediente: 2605/2026

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O obxecto da presente convocatoria é o recoñecemento público do esforzo, a dedicación e a excelencia deportiva aos/ás deportistas (en diante, o deportista ou os deportistas e por extensión o beneficiario, o solicitante, etc.) porriñeses/as ou empadroados/as no termo municipal de o Porriño que compiten en deportes individuais e que obtivesen os mellores resultados en competicións federadas nos seus respectivos deportes, cos criterios e requisitos que a continuación se irán detallando.

Este concello está moi satisfeito co rendemento e logros obtidos polos deportistas individuais durante as últimas tempadas, con varios porriñeses campións de Galicia e campións de España.

As bolsas configúranse como unha acción de fomento deportivo e recoñecemento institucional orientadas a reforzar valores como o esforzo, a excelencia e a superación persoal entre os deportistas do municipio que practican deportes individuais.

De conformidade coas competencias atribuídas a este concello polo artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e en aplicación da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante LGS), a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), así como as normas de carácter regulamentario que a desenvolven (Real Decreto 887/2006 e Decreto 11/2009), convócanse bolsas a deportistas individuais do Concello do Porriño durante o ano 2026 (entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026).

Polo tanto, é obxecto das presentes bases o cumprimento estrito por orde do artigo 17.3.e) da Lei Xeral de Subvencións, dos principios que rexen a concesión de subvencións, e fundamentalmente os de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, consagrados polo artigo 8.3.a) da mesma lei.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O Concello do Porriño, dentro da súa competencia de promoción do deporte, coñece a dificultade que teñen os deportistas individuais de custearse os gastos derivados da asistencia a competicións (desprazamentos, pernoctas, manutención,...), así como os dos adestramentos,

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: USC1:U6XZ0DH8RUU



adquisición de material necesario para a práctica do seu deporte ou das licenzas federativas, polo que se considera necesaria a aprobación dunha liña de axudas mediante bolsas a deportistas individuais da nosa localidade que nos últimos cinco anos conseguisen o logro de proclamarse campións galegos, nacionais ou europeos nalgunha modalidade ou especialidade deportiva dentro dun deporte, en competicións regulamentadas e recoñecidas oficialmente pola federación deportiva correspondente.

Non se considerarán participacións individuais: relevos; participación por equipos/seleccións; probas coordinadas ou sincronizadas nas que actúe simultaneamente máis dun integrante do mesmo equipo; practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo; dobres; parellas; seleccións ou grupos, coordinadas ou sincronizadas, e nas que actúe simultaneamente máis dun integrante do mesmo equipo: por exemplo, 4x100m, ximnasia en probas colectivas, dobres en deportes de raqueta, modalidades de máis dun tripulante (piragüismo, vea, remo), pádel ou vóley praia.

Quedan expresamente excluídas as xornadas de control, copas, opens, ligas locais, comarcais, provinciais, competicións escolares, probas populares, benéficas e calquera outra análoga ás anteriores.

O órgano instructor valorará previamente todas as solicitudes, reservándose o dereito de non incluír aquelas que non cumpran cos requisitos establecidos nestas bases.

Estas bolsas son compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade.

2. BENEFICIARIOS.

Poderán beneficiarse das bolsas sinaladas nestas bases reguladoras, os deportistas que practiquen deportes individuais que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade.
- Estar empadroado dende hai un mínimo de dous anos no termo municipal do Porriño, salvo deportistas nados no Porriño e que teñan en vigor o recoñecemento de Deportista Galego de Alto Nivel (DGAN), en cuxo caso deberá achegar certificado da citada condición.
- Estar en posesión dun título de campión galego, español ou europeo conseguido nos últimos 5 anos (contados dende o 01/01/2021) no deporte no que actualmente estea federado. Cada un destes títulos será necesario para optar ás bolsas das categorías 1, 2 e 3 respectivamente (indicadas na base 3).
- Ter en vigor unha licenza federativa (galega ou española, e no deporte no que alcanzou o campionato) e ter licenza federativa na mesma federación polo menos dende a tempada anterior á actual. Dado que as distintas modalidades deportivas teñen un calendario de competicións diferente, para os efectos temporais de licenza destas bases, establécese o período que vai dende o 01/01/2025 ao 31/12/2026.



Martes, 19 de maio de 2026

Núm. 93

- Non estar a cumprir sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva cualificada como grave ou moi grave.
- Non estar incurso en causa de exclusión ou prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións públicas (art. 13 da LGS).
- Atoparse ao corrente nas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (en diante, AEAT), a Axencia Tributaria de Galicia (en diante, ATRIGA), a Facenda Local (a través do Órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais, en diante, ORAL) e a Seguridade Social.

3. CRÉDITO ORZAMENTARIO E DISTRIBUCIÓN DAS BOLSAS.

Establécese un crédito máximo de vinte e cinco mil (25.000,00) euros, que se imputará á partida orzamentaria 341.4800019 do vixente orzamento municipal.

O importe global distribuirase, sempre que as solicitudes presentadas o permitan, nas seguintes categorías de bolsas, cos límites máximos que se indican a continuación:

- Categoría nº1: Campións de Galicia. 9.000,00 euros.
O importe individual de cada bolsa dentro desta categoría será de 1.000,00 euros.
- Categoría nº2: Campións de España. 10.000,00 euros.
O importe individual de cada bolsa dentro desta categoría será de 1.250,00 euros.
- Categoría nº3: Campións de Europa. 6.000,00 euros.
O importe individual de cada bolsa dentro desta categoría será de 1.500,00 euros.

A repartición das bolsas farase ata esgotar os créditos dispoñibles de acordo coas categorías establecidas.

Cando polo número de participantes en cada categoría non sexa suficiente o crédito destinado, resolverase por rigorosa orde de entrada da solicitude no rexistro xeral do Concello do Porriño.

De non existir candidatos con méritos suficientes para poder outorgar todas as bolsas, e de acordo coa valoración previa da Comisión Cualificadora debidamente motivada, poderase acumular o crédito sobrante por categorías non outorgadas e utilízalo para conceder máis bolsas nalgunha das categorías de competicións onde haxa máis candidatos de acordo cos límites establecidos.

En canto ao anterior, a Administración municipal quedará facultada para modificar o importe das categorías indicadas se, como consecuencia das solicitudes presentadas, existise un maior número de proposicións económicas que se orientase en maior densidade a calquera das tres categorías de axudas, co obxecto de establecer unha distribución económica máis equitativa e igualitaria.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:U5C1J6XZ0DHI6RUU



Martes, 19 de maio de 2026

Núm. 93

4. PROCEDEMENTO.

Esta convocatoria ten por obxecto regular o procedemento de concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, de conformidade co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar comparativa e prelación das solicitudes presentadas.

Cada deportista poderá presentar unha única solicitude, na que indicará de modo claro a categoría para a que solicita esta axuda. Se algún deportista é campión de Galicia e de España, ou a combinación dalgunha das tres categorías, terá que optar por presentar a súa solicitude soamente para unha delas. Se se incumpre este requisito e se presentan varias solicitudes a diferentes categorías, ningunha delas será valorada, o que producirá a exclusión da persoa solicitante.

O erro na clasificación da categoría non dá lugar á perda do dereito á axuda. O órgano instructor poderá cambiar a clasificación da categoría cando exista un erro ou cando, de acordo coa documentación presentada, se comprobe que lle corresponde outro tipo de categoría.

5. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN PRECEPTIVA.

1. As persoas susceptibles de ser beneficiarias deberán presentar a documentación que se indica a continuación (os anexos mencionados estarán accesibles para a súa descarga en formato editable na sede electrónica do Concello do Porriño <https://oporrino.sedelectronica.gal/info.0> na seguinte ruta: Portal de transparencia/Axudas e subvencións/Subvencións 2026/Bolsas a deportistas individuais 2026):

- a) Anexo I destas bases: Solicitude.
- b) Copia do DNI.
- c) Certificado de empadramento histórico no termo municipal do Porriño, agás os nados no Porriño, que o acreditarán coa copia do DNI.
- d) Proxecto deportivo da tempada 2025-2026.
- e) Copia da licenza federativa vixente e a da tempada anterior, expeditas pola federación deportiva correspondente.
- f) Certificado da federación deportiva correspondente da obtención do campionato de Galicia, de España ou de Europa, coa acreditación do resultado obtido.
- g) Certificado da federación deportiva correspondente no que se acredite que a persoa solicitante non está a cumprir sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.
- h) Anexo II destas bases: Declaración responsable do cumprimento de requisitos para ser beneficiario de subvencións e de estar ao corrente dos seus deberes tributarios e fronte á Seguridade Social.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: U5C1U6XZ0DH8RUU



- i) Anexo III destas bases: Declaración responsable das subvencións ou bolsas solicitadas e as que lle foron concedidas para a mesma actividade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.
- j) Certificado actualizado de titularidade da súa conta bancaria.
- k) Certificados de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), a Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), a Facenda Local (a través do ORAL) e a Seguridade Social ou, no seu caso, autorización expresa a favor do Concello do Porriño para a consulta dos datos dos organismos mencionados (Anexo IV).

2. Coa presentación da solicitude o interesado autoriza ao órgano instructor a consultar en calquera momento do procedemento os datos relativos á situación de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, a Seguridade Social e a Facenda Local (a través do ORAL).

3. No caso de que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello do Porriño, o solicitante poderá acollerse ao que determina o parágrafo 1 apartado d) do artigo 53 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPACAP), sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, se fose o caso, emitidos e cando non transcorresen máis de cinco anos dende a finalización do procedemento ao que correspondan.

6. PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE E PRAZO.

Establécese un prazo de trinta (30) días hábiles para a presentación da solicitude e da documentación esixida, contado dende o día seguinte ao da publicación do extracto das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en diante BOPPO.

As solicitudes poderán presentarse a través da sede electrónica do Concello do Porriño <https://oporrino.sedelectronica.gal/info.0>, así como presencialmente no rexistro municipal situado na primeira planta da Casa Consistorial do Concello do Porriño.

O órgano instructor do procedemento comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa presentada e, se fose necesario, requirirá ao solicitante para que no prazo de dez días hábiles emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos. No caso de que o solicitante non entregue a documentación requirida nos prazos sinalados, actuarase de acordo co establecido no artigo 68 da LPACAP.

7. FASE DE INSTRUCCIÓN.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao órgano instructor, que estará formado pola técnica de Xestión Económica e o administrativo do Servizo de Deportes, ou persoas que legalmente os substitúan.



Martes, 19 de maio de 2026

Núm. 93

Realizaranse de oficio cantas actuacións se estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

As actividades de instrución comprenderán:

- Petición de cantos informes estime necesarios ou que sexan esixidos polas normas que regulen as subvencións, que deberán ser entregados dentro dos prazos regulamentarios para resolver.
- Avaliación das solicitudes ou peticións, realizada segundo os criterios, formas e prioridades de valoración establecidos nas bases da convocatoria.

Unha vez avaliadas as solicitudes, a Comisión Cualificadora deberá emitir unha proposta na que se concrete o resultado da avaliación realizada. A Comisión Cualificadora estará composta pola Alcaldía-Presidencia, a Concellaría de Deportes e a Concellaría de Cultura, e con voz pero sen voto, o órgano instrutor ou persoa que legalmente o substitúa, que actuará como secretario da Comisión. A citada comisión será nomeada mediante decreto da alcaldía.

O órgano instrutor, tendo en conta o expediente e a proposta da Comisión Cualificadora, formulará unha proposta de resolución provisional debidamente motivada, que deberá notificárselles ás persoas interesadas e publicarse no taboleiro de anuncios do Concello do Porriño.

Concederase un prazo de dez días para a presentación de alegacións. Unha vez examinadas as alegacións, de ser presentadas polos interesados, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión ou denegación da subvención, a súa contía, con especificación da avaliación e dos criterios de valoración seguidos para realizala.

As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereitos a favor do beneficiario proposto fronte á Administración mentres non se realice a notificación da resolución definitiva da concesión.

8. FASE DE RESOLUCIÓN.

Unha vez finalizada a fase de instrución, a Comisión Cualificadora elaborará a proposta de resolución que, despois do informe de Intervención, será resolta polo órgano competente no procedemento, concedendo ou denegando as bolsas solicitadas.

Na resolución, en caso de ser positiva, farase constar o beneficiario da bolsa concedida, o importe e as condicións nas que se outorga.

De non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte ao final do prazo de presentación da solicitude, entenderase desestimada.

A resolución pon fin á vía administrativa.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: L5C1J6XZ0DH8RUU



Martes, 19 de maio de 2026

Núm. 93

9. PAGO DAS BOLSAS.

Realizarase un pago anticipado do 80% do importe total subvencionado, que suporá unha entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

Non se establece ningún réxime de garantías respecto deste pago a conta.

O 20% restante aboarase unha vez presentada por parte do beneficiario a conta xustificativa co contido especificado na base 10, fiscalizada polo Departamento de Intervención e debidamente aprobada polo órgano competente.

10. CONTA XUSTIFICATIVA.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, na que se deben incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto e calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa estará formada pola seguinte documentación:

A) Anexo V, achega da conta xustificativa.

B) Memoria de actuacións.

Memoria da actual tempada no seu deporte xustificativa do cumprimento das condicións impostas na convocatoria, á que deberá achegar o certificado da Federación coas competicións ás que o deportista acudiu na tempada actual ata o momento da presentación da solicitude, así como o certificado dos resultados obtidos nas devanditas competicións. Neste documento pódese incluír calquera información que acredite a realización das actividades subvencionadas (fotografías, carteis publicitarios, etc.).

Do cumprimento dos deberes expostos na base 12.f), de colocación da publicidade institucional, deberá dar conta coa presentación de documentos gráficos que o acrediten, con fotografías, vídeos ou documentación gráfica específica.

C) Memoria económica.

Nesta memoria incluírase a seguinte documentación:

1. Facturas xustificativas e unha relación exhaustiva das facturas que se acompañan, na que se detallará o proveedor, número de factura, data, concepto e importe con suma total final, correspondente aos seguintes gastos subvencionables:

a) Todo material deportivo relacionado coa modalidade deportiva na que compete.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: USC1J6XZ0DH8RUU



Martes, 19 de maio de 2026

Núm. 93

- b) Indumentaria relacionada coa competición ou adestramento da modalidade deportiva na que compete.
- c) Gastos da inscrición en campionatos federados.
- d) Gastos en carburantes ou en billetes de medios de transporte (servizos de autobús, barco, tren ou avión), derivados do traslado a competicións federadas (xustificando este gasto non só coa factura senón coa achega do calendario federativo que acredite a necesidade do devandito traslado).

A presentación de calquera documentación doutro tipo de gasto non exposto na relación anterior quedará vinculada ao estudo e deliberación da Comisión Cualificadora para determinar a súa inclusión ou desestimación como gasto subvencionable.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) Xuros debedores de contas bancarias.
- b) Xuros, recargas e sancións administrativas e penais.
- c) Gastos de procedementos xudiciais.
- d) Impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) Impostos persoais sobre a renda.
- f) Gastos por adquisición de bens de carácter inventariable.

De conformidade co establecido no artigo 31.2 da LGS, considerarase gasto realizado o que fose efectivamente pagado con anterioridade ao final do período de xustificación.

1.2. O contido das facturas axustarase ao establecido no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación e, entre outros, conterà:

- a) Número, e no seu caso, serie da factura.
- b) Data de expedición da factura.
- c) Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir a factura como a do destinatario das operacións.
- d) Número de Identificación Fiscal atribuído pola Administración tributaria española ou, no seu caso, pola doutro estado membro da Unión Europea, co que realizou a operación o obrigado a expedir a factura. Así mesmo, o Número de Identificación Fiscal do destinatario.
- e) Domicilio, tanto do obrigado a expedir a factura como do destinatario das operacións.
- f) Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base imponible do imposto e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto das operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído no mencionado prezo unitario.

2. Documentación acreditativa do pago, que consistirá na achega, xunto con cada factura, de copia do documento bancario acreditativo do pago. Non se admitirán pagos en efectivo nin

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: U5C1J6XZ0DH8RUU



se admitirán os obtidos a través de internet se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen dos códigos de verificación na sede electrónica da devandita entidade bancaria.

3. Certificados de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), a Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), a Facenda Local (a través do ORAL) e a Seguridade Social. No caso de non achegar estes certificados, o órgano instrutor consultará estes datos directamente de oficio, de acordo co establecido na Base 5.2.

4. Presentarase o Anexo VI, correspondente á declaración responsable da xustificación. Neste anexo deberase elixir entre varias opcións.

Declararase que as facturas presentadas coa conta xustificativa non foron entregadas en ningún organismo oficial de cara á obtención doutras subvencións e que as mesmas soamente foron entregadas no Concello do Porriño.

No caso de que unha mesma factura forme parte dalgunha outra conta xustificativa, indicarse a porcentaxe que se imputa a cada unha.

Indicarse unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a procedencia.

No caso de non existir outros axentes financeiros externos, marcarase a opción negativa.

11. PRESENTACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA E PRAZO.

A conta xustificativa poderá presentarse a través da sede electrónica do Concello do Porriño <https://oporrino.sedelectronica.gal/info.0>, así como presencialmente no rexistro municipal situado na primeira planta da Casa Consistorial do Concello do Porriño.

A data límite para a presentación da conta xustificativa será o día 29 de xaneiro de 2027. Non obstante, poderá ser presentada en calquera momento anterior, unha vez finalizadas as actividades obxecto da subvención.

12. ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E OBRIGAS.

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo dun mes seguinte á recepción da comunicación da concesión non manifesta nada en contra.

Serán obrigas dos beneficiarios desta subvención, as seguintes:

- a) Colaborar activamente no proceso de xestión e abono das axudas e destinalas á finalidade para as que foron concedidas, procedendo ao seu reintegro en caso contrario.
- b) Facilitar toda a información que fose requirida pola Concellaría de Deportes, o Departamento de Intervención municipal, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



Martes, 19 de maio de 2026

Núm. 93

- c) Autorizar ao órgano instrutor a realizar as comprobacións necesarias sobre o cumprimento dos deberes tributarios e fronte á Seguridade Social.
- d) A persoa beneficiaria, coa aceptación da bolsa, autoriza á publicación da imaxe, fotografía e datos relativos á competición nas redes sociais e nos medios de comunicación municipais.
- e) A persoa beneficiaria, caso que de modo oficial dende o Concello do Porriño sexa convocada a algunha recepción ou acto institucional, comprométese a acudir e participar nel.
- f) O deportista fará constar da maneira máis ampla posible a colaboración existente por parte do Concello do Porriño, e deberá acreditar a colocación de publicidade institucional nun lugar visible das indumentarias de xogo, material e/ou equipamento deportivo, mediante un logotipo dun tamaño que se especificará a continuación, así como, no caso de dispor de páxina web ou redes sociais, a facer constar que o deportista recibe unha axuda municipal, mediante a inserción dun texto e fotografía ou vídeo.
O logotipo será o seguinte, cunhas medidas de polo menos 15 cm. de longo por 7,5 cm. de ancho. Para a súa impresión, contactarase co Servizo de Deportes para o envío do logotipo en formato vectorial.



- g) As demais obrigas especificadas na normativa reguladora das subvencións públicas.

13. PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS.

A concesión de subvencións será publicada no taboleiro de anuncios do Concello do Porriño e no Portal de transparencia da súa sede electrónica, e na plataforma web da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) do Ministerio de Facenda.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:U5C1J6XZ0DH8RUU



Martes, 19 de maio de 2026

Núm. 93

14. REINTEGRO DE SUBVENCÍONS.

No caso de incumprimento do obxecto, as condicións ou a finalidade nos termos contemplados nas presentes bases, o Concello do Porriño esixirá ás persoas beneficiarias da subvención o reintegro das cantidades correspondentes de acordo co procedemento establecido.

15. PROCEDEMENTO SANCIONADOR.

O procedemento sancionador será o disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións.

16. RECURSOS.

Contra a resolución de concesión, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, segundo o establecido no artigo 123 da LPACAP, ou directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 3 de xuño, da xurisdición contencioso administrativa.

De interperse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo dun mes segundo establece o artigo 124 da citada LPACAP. No caso de silencio administrativo estarase ao establecido no artigo 24 do mesmo texto legal.

Non obstante, tamén se poderá interpor calquera outro recurso axustado a Dereito que as persoas interesadas estimen procedente.

Documento asinado dixitalmente na marxe, na data que se indica, polo alcalde-presidente do Concello do Porriño.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:U5C1J6XZ0DH8RUU



Martes, 19 de maio de 2026

Núm. 93

CONVOCATORIA Y BASES REGULADORAS PARA LA CONCESIÓN DE BOLSAS A DEPORTISTAS INDIVIDUALES DEL CONCELLO DO PORRIÑO, AÑO 2026.

Expediente: 2605/2026

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El objeto de la presente convocatoria es el reconocimiento público del esfuerzo, la dedicación y la excelencia deportiva a los/las deportistas (en adelante, el deportista o los deportistas y por extensión el beneficiario, el solicitante, etc.) porriñeses/as o empadronados/as en el término municipal de o Porriño que compiten en deportes individuales y que obtuvieran los mejores resultados en competiciones federadas en sus respectivos deportes, con los criterios y requisitos que a continuación se irán detallando.

Este ayuntamiento está muy satisfecho con el rendimiento y logros obtenidos por los deportistas individuales durante las últimas temporadas, con varios porriñeses campeones de Galicia y campeones de España.

Las bolsas se configuran como una acción de fomento deportivo y reconocimiento institucional orientadas a reforzar valores como el esfuerzo, la excelencia y la superación personal entre los deportistas del municipio que practican deportes individuales.

De conformidad con las competencias atribuidas a este ayuntamiento por el artículo 25 de la Ley 7/1985, del 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local, y en aplicación de la Ley 38/2003, del 17 de noviembre, general de subvenciones (en adelante LGS), la Ley 9/2007, del 13 de junio, de subvenciones de Galicia (LSG), así como las normas de carácter reglamentario que la desarrollan (Real Decreto 887/2006 y Decreto 11/2009), se convocan bolsas a deportistas individuales del Concello do Porriño durante el año 2026 (entre el 1 de enero y el 31 de diciembre de 2026).

Por tanto, es objeto de las presentes bases el cumplimiento estricto por orden del artículo 17.3.e) de la Ley General de Subvenciones, de los principios que rigen la concesión de subvenciones, y fundamentalmente los de publicidad, transparencia, concurrencia, objetividad, igualdad y no discriminación, consagrados por el artículo 8.3.a) de la misma ley.

1. OBJETO DE LA CONVOCATORIA.

El Concello do Porriño, dentro de su competencia de promoción del deporte, conoce la dificultad que tienen los deportistas individuales de costearse los gastos derivados de la asistencia a competiciones (desplazamientos, pernoctas, manutención,...), así como los de los entrenamientos, adquisición de material necesario para la práctica de su deporte o de las licencias federativas, por lo que se considera necesaria la aprobación de una línea de ayudas mediante bolsas a deportistas individuales de nuestra localidad que en los últimos cinco años consiguieran el logro de proclamarse campeones gallegos, nacionales o europeos en alguna

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: L5C1J6XZ0DH8RUU



Martes, 19 de maio de 2026

Núm. 93

modalidad o especialidad deportiva dentro de un deporte, en competiciones reglamentadas y reconocidas oficialmente por la federación deportiva correspondiente.

No se considerarán participaciones individuales: relevos; participación por equipos/selecciones; pruebas coordinadas o sincronizadas en las que actúe simultáneamente más de un integrante del mismo equipo; practicantes de disciplinas y modalidades de deportes de equipo; dobles; parejas; selecciones o grupos, coordinadas o sincronizadas, y en las que actúe simultáneamente más de un integrante del mismo equipo: por ejemplo, 4x100m, gimnasia en pruebas colectivas, dobles en deportes de raqueta, modalidades de más de un tripulante (piragüismo, vela, remo), pádel o vóley playa.

Quedan expresamente excluidas las jornadas de control, copas, opens, ligas locales, comarcales, provinciales, competiciones escolares, pruebas populares, benéficas y cualquier otra análoga a las anteriores.

El órgano instructor valorará previamente todas las solicitudes, reservándose el derecho de no incluir aquellas que no cumplan con los requisitos establecidos en estas bases.

Estas bolsas son compatibles con otras ayudas públicas o privadas para la misma finalidad.

2. BENEFICIARIOS.

Podrán beneficiarse de las bolsas señaladas en estas bases reguladoras, los deportistas que practiquen deportes individuales que reúnan los siguientes requisitos:

- Ser mayor de edad.
- Estar empadronado desde hace un mínimo de dos años en el término municipal de o Porriño, salvo deportistas nacidos en o Porriño y que tengan en vigor el reconocimiento de Deportista Gallego de Alto Nivel (DGAN), en cuyo caso deberá aportar certificado de dicha condición.
- Estar en posesión de un título de campeón gallego, español o europeo conseguido en los últimos 5 años (contados desde el 01/01/2021) en el deporte en el que actualmente esté federado. Cada uno de estos títulos será necesario para optar a las bolsas de las categorías 1, 2 y 3 respectivamente (indicadas en la base 3).
- Tener en vigor una licencia federativa (gallega o española, y en el deporte en el que alcanzó el campeonato) y haber tenido licencia federativa en la misma federación por lo menos desde la temporada anterior a la actual. Dado que las distintas modalidades deportivas tienen un calendario de competiciones diferente, para los efectos temporales de licencia de estas bases, se establece el período que va desde el 01/01/2025 al 31/12/2026.
- No estar cumpliendo sanción firme por infracción disciplinaria o administrativa en materia deportiva calificada como grave o muy grave.
- No estar incurso en causa de exclusión o prohibición para obtener la condición de beneficiario de subvenciones públicas (art. 13 de la LGS).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: USC1J6XZODH16RUU



Martes, 19 de maio de 2026

Núm. 93

- Encontrarse al corriente en las obligaciones tributarias con la Agencia Estatal de Administración Tributaria (en adelante, AEAT), la Agencia Tributaria de Galicia (en adelante, ATRIGA), la Hacienda Local (a través del Órgano de gestión tributaria y recaudación de recursos locales, en adelante, ORAL) y la Seguridad Social.

3. CRÉDITO PRESUPUESTARIO Y DISTRIBUCIÓN DE LAS BOLSAS.

Se establece un crédito máximo de veinticinco mil (25.000,00) euros, que se imputará a la partida presupuestaria 341.4800019 del vigente presupuesto municipal.

El importe global se distribuirá, siempre que las solicitudes presentadas lo permitan, en las siguientes categorías de bolsas, con los límites máximos que se indican a continuación:

- Categoría nº1: Campeones de Galicia. 9.000,00 euros.
El importe individual de cada bolsa dentro de esta categoría será de 1.000,00 euros.
- Categoría nº2: Campeones de España. 10.000,00 euros.
El importe individual de cada bolsa dentro de esta categoría será de 1.250,00 euros.
- Categoría nº3: Campeones de Europa. 6.000,00 euros.
El importe individual de cada bolsa dentro de esta categoría será de 1.500,00 euros.

El reparto de las bolsas se hará hasta agotar los créditos disponibles de acuerdo con las categorías establecidas.

Cuando por el número de participantes en cada categoría no sea suficiente el crédito destinado, se resolverá por riguroso orden de entrada de la solicitud en el registro general del Concello do Porriño.

De no existir candidatos con méritos suficientes para poder otorgar todas las bolsas, y de acuerdo con la valoración previa de la Comisión Cualificadora debidamente motivada, se podrá acumular el crédito sobrante por categorías no otorgadas y utilizarlo para conceder más bolsas en alguna de las categorías de competiciones donde haya más candidatos de acuerdo con los límites establecidos.

En cuanto a lo anterior, la Administración municipal quedará facultada para modificar el importe de las categorías indicadas si, como consecuencia de las solicitudes presentadas, existiera un mayor número de proposiciones económicas que se orientara en mayor densidad a cualquiera de las tres categorías de ayudas, con el objeto de establecer una distribución económica más equitativa e igualitaria.

4. PROCEDIMIENTO.

Esta convocatoria tiene por objeto regular el procedimiento de concesión de subvenciones en régimen de concurrencia no competitiva, de conformidad con lo previsto en el artículo 19.2 de la Ley 9/2007, del 13 de junio, de Subvenciones de Galicia, dado que por el objeto y finalidad de la subvención no resulta necesario realizar comparativa y prelación de las solicitudes presentadas.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:U5C1J6XZ0DH8RUU



